



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. José A. López Rodríguez
(Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente)

VOCALIS

D. Alfonso Castro Carrera
(Avogado polo Colexio da provincia)
D. Manuel Francisco Gutierrez
(Xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais)

VOCALIS REPRESENTANTES DA PARROQUIA DE VAL E DOS LUGARES DE ABONXO E O CARRIO

D. Eugenio García Carballude
Dna. Mercedes Martínez Blanco
D. José M^a Penabad Otero

SECRETARIA

Dna. Pilar Pita Ponte
(Xefa de Sección do Servizo Técnico-Xurídico da Delegación de Medio Ambiente)

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día dez de marzo do 2005, coa asistencia das persoas ó marxe reseñadas, reúnese na 3^a planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a clasificación do monte "O Carrio", solicitado polos lugares de Abonxo e O Carrio e pola parroquia de Val, do concello de Lalín.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Mediante escrito de data 11/05/00, D^a Estrella Quinteiro Crespo, como presidenta da asociación de veciños do lugar de O Carrio, Parroquia de Val do Carrio, solicita a clasificación como veciñal en man común do monte "Carrio" **a favor dos veciños do lugar de O Carrio.** Con data 19/05/00 requírese para que aporten plano topográfico e concreción de superficie e lindeiros.

Con data 07/03/02, reitérase a solicitude de clasificación aportando planos e descripción de perímetro e superficie. Requírese de novo para que concrete a súa solicitude e aporte a planimetría axeitada. Cumprimentándose con data 02/05/02.

Con data 20/02/03 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común acorda "non incoar o expediente para a clasificación co carácter indicado do monte "do Carrio" a favor da comunidade de montes de O Carrio, do concello de Lalín" por existir xa un acordo de incoación do mencionado monte a favor da parroquia de Val, que engloba o lugar do Carrio.



Con data 04/04/03, D. Xosé M^a Penabad Otero en representación da asociación de veciños de O Carrio, presenta recurso de reposición contra a resolución do Xurado de data 20/02/2003 e solicita a acumulación de expedientes. Recurso que é estimado con data 24/03/03 polo Xurado Provincial, acordándose a incoación do expediente solicitado polos veciños do lugar de O Carrio.

SEGUNDO.- Mediante escrito de data 08/07/02, D. Gonzalo Dopazo Silva en calidade de presidente da xunta provisional do lugar de Abonxo, solicitou a clasificación como veciñal en man común do monte “do Carrio” a favor dos veciños do lugar de Abonxo. Con data 31 de xullo de 2002 requírese para que aporten plano topográfico e concreción de superficie e lindeiros. Cumprimentándose con data 18 de febreiro de 2003.

Con data 20 de febreiro de 2003 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común acorda “non incoar o expediente para a clasificación co carácter indicado do monte “do Carrio” a favor da comunidade de montes de Abonxo, do concello de Lalín”, por existir xa un acordo de incoación do mencionado monte a favor da parroquia de Val, que engloba o lugar de Abonxo.

Con data 04/04/03, D^a Alejandra Freire Riande, en representación da asociación de veciños de Abonxo presenta recurso de reposición contra dita resolución. Recurso que é estimado con data 24/03/03 polo Xurado Provincial, que acorda a incoación do expediente solicitado polos veciños do lugar de Abonxo.

TERCEIRO.- Con data 11/06/02, os veciños do lugar de Val solicitan a clasificación como veciñal en man común do monte “do Carrio” a favor da parroquia de San Andrés de Val.

Con data 31/07/02, requíreselle o fin de que aporten plano topográfico xeoreferenciado a escala 1:2000. Cumprimentándose con data 01/10/02.

Con data 20/02/03, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común acorda “incoar o expediente para a clasificación co carácter indicado do monte “do Carrio” a favor dos veciños da parroquia de Val, do concello de Lalín, excluindo a superficie do mesmo que se atopa fora dos límites do concello de Lalín...”.

CUARTO.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común na reunión que tivo lugar o 24/04/03, acorda: *“dentro deste punto da Orde do día e tendo en conta que a clasificación como comunal do monte O Carrio, do concello de Lalín, foi solicitado de xeito separado polos veciños da parroquia de Val do Carrio, polos veciños do lugar de O Carrio e polos veciños do lugar de Abonxo, o que motivou a incoación de tres expedientes referidos á clasificación como veciñal en man común dun mesmo monte. Entendendo, que concurren as circunstancias esixidas polo artigo 73 da Lei 30/92, modificada pola Lei 4/1999, o Xurado por unanimidade acorda a acumulación de ditos expedientes nun só, nomeando instructor do mesmo a D. Manuel Francisco Gutierrez”.*



QUINTO.- Con data 08/07/03, o enxeñeiro de montes D. Jesús de la Fuente Villar e o enxeñeiro técnico forestal D. José María Fernández Cabanas emiten informe.

SEXTO.- Con data 12/03/03, remítese o expediente ó Servicio de Montes para a elaboración do correspondente informe preceptivo.

SETIMO.- Con data 26/01/04, solícitase á Rexistradora da Propiedade de Lalín certificación dos asentos que poidan afectar o terreo en cuestión. Cumprimentándose con data 09/05/03.

OITAVO.- Feita-las comunicacións do artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e aberto período de audiencia presentáronse as seguintes alegacións:

Mediante escritos de data de entrada 26 e 27 de maio do 2004, os veciños do lugar do Carrio fan as seguintes alegacións:

- Que a clasificación se faga exclusivamente a favor dos veciños do lugar do Carrio e Abonxo, excluindo o solicitado pola parroquia de Val.
- Que veñen realizando aproveitamentos de augas e gandeiros, e solicitaron subvencións para plantacións.
- Solicitan a apertura dun período de proba no que se comprobe: certificación do catastro de quen pagou a contribución rústica do monte. Da Consellería de Agricultura copia do expediente de concesión de subvención para a traída de augas. Do concello de Lalín certificación do pago da contribución do monte. Da Consellería de Medio Ambiente copia do expediente de subvención para plantacións. Da Deputación de Pontevedra copia dos expedientes solicitados de clasificación.

Con data 16/04/04, a asociación de veciños de Abonxo, alegan que non existe coincidencia das demais solicitudes coa de Abonxo, polo que debe clasificarse a seu favor as 23 has solicitadas, polo que aporta planos.

Con data 08/04/03, D. Xosé María Penabad en nome dos veciños do lugar do Carrio, alega que os únicos aproveitamentos do monte foron realizados polos veciños do Carrio e nunca polos de o lugar do Val. Que os argumentos históricos alegados polo Sr. Eugenio García Carballude non teñen consistencia algunha e que o monte nunha foi coñecido como o monte de Val, de acordo coa acta notarial que se xunta.

Con data 25/05/04, D^a M^a Fé Sánchez López, veciña da parroquia de Bermés, manifesta non estar de acordo cos lindeiros solicitados polos veciños da parroquia de Val, do concello de Lalín.

Con data 21/06/04, D. Eugenio García Carballude, na súa calidade de pedáneo da parroquia de Val, fai alegacións en contestación ós escritos presentados polos veciños de Abonxo e O Carrio, que de xeito resumido din:



Que non é certo que se vendera o monte. Que si ven é certo que había usos de manantiais de auga eles non os aproveitaban porque non os necesitaban. Que o gando ovino que pastoreaba no monte era dos veciños dos tres lugares. Que si ven é certo que se prantaron árbores por medio dunha subvención, non implica que fora para a totalidade do monte. Que en consecuencia, se clasifique o monte a favor da parroquia de San Andrés do Val.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.- De conformidade có artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro comprende entender por montes veciñais en man común “... *os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños*”.

Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como vecinal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

Terceiro.- Á vista da documentación presentada polos solicitantes e dos informes do Servicio de Montes e Industrias Forestais, resulta acreditado que os terreos solicitados polos veciños de Abonxo veñen a ser aproveitados de xeito exclusivo polos veciños do lugar de Abonxo, e os solicitados polo lugar de O Carrío veñen sendo aproveitados de xeito exclusivo polos veciños do lugar de O Carrío, e así ambos lugares veñen dispoñendo dos seus respectivos montes de xeito independente á parroquia de Val, que non consta se opuxera ós distintos actos de disposición que se fixeron por cada un dos lugares (ocupación por parque eólico no monte do lugar de Abonxo, explotación de canteiras na parte dos veciños do lugar de O Carrío) nos seus respectivos montes.

Cuarto.- O monte do lugar de Abonxo, defínese da seguinte maneira:



CONCELLO: LALIN

LUGAR: ABONXO

NOME DO MONTE: "O Carrio"

Cabida: 16,20 Has. aprox.

Lindes:

Norte: MVMC dos veciños do lugar de O Carrio

Sur: MVMC dos veciños da parroquia de Bermés

Leste: Predios particulares de Herdeiros de Josefa Blanco Otero, José M^a González Blanco, José Blanco Seco, Carmen Guerra Fernández e outros

Oeste: MVMC dos veciños da parroquia de Bermés

Quinto.- O monte do lugar de O Carrio, defínese da seguinte maneira:

CONCELLO: LALIN

LUGAR: O CARRIO

NOME DO MONTE: "O Carrio"

Cabida: 46 Has. aprox

Lindes:

Norte: Predio particular de Agapito Quinteiro Prado

Sur: MVMC dos veciños da parroquia de Bermés e MVMC dos veciños do lugar de Abonxo

Leste: Estrada comarcal PO-204 e predios particulares de Eladio Dopazo Iglesias, Eliseo Cacheda Bouzón, Agapito Qinteira Mosteiro, Tito Saco, Maruja Rodríguez Rodríguez, Gloria Montoto Iglesias e Manuel Quinteiro Crespo

Oeste: Concello de Vila de Cruces

Encravados:

Encravado 1: Máis ó norte, e na súa totalidade no interior do monte. Propietarios: Eliseo Cacheda Bouzón, Gloria Montoto Iglesias e Maruja Rodríguez Rodríguez

Encravado 2: Limita ó este coa estrada PO-204, estando o resto do perímetro dentro do monte. Propietarios: Agapito Quinteiro Mosteiro, Teófilo Quinteiro Saavedra e Tito Saco

En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o seu regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación ó caso examinado, propónse polo Instructor, e o Xurado **ACORDA:**

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte "O Carrio", a favor dos veciños do lugar de Abonxo, da parroquia de Val, do concello de Lalín de acordo coa descrición reflectida no fundamento de dereito cuarto e a planimetría elaborada ó efecto polo Servicio de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente Resolución.




CLASIFICAR como veciñal en man común o monte "O Carrio", a favor dos veciños do lugar de O Carrio, da parroquia de Val, do concello de Lalín de acordo coa descrición reflectida no fundamento de dereito quinto e a planimetría elaborada ó efecto polo Servicio de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente Resolución.


Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.




[Handwritten signature]

[Handwritten signature]
50/2012



 C.M.V.M.C. DE CARRIO
 PARROQUIA DE VAL
 SUPERFICIE = 46,0 Has.Aprox.

 C.M.V.M.C. DE ABONXO
 PARROQUIA DE VAL
 SUPERFICIE = 16,20 Has.Aprox.

DATA : MARZO-2.005
 ESCALA : 1/10.000
 AUTOR : TOPOGRAFIA

N° DA FOLLA :
 122-51-52
 122-61-62

TRABAJO : PLANO DE CLASIFICACIÓN
 CONCELLO : LALÍN
 PARROQUIA : VAL
 COMUNIDADES : O CARRIO E ABONXO


XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
 SERVIZO DE MONTES-DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA

Handwritten signatures and blue scribbles over the map area.



Para os efectos previstos no artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dáse publicidade ao acordo do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, en sesión que tivo lugar 14 de xuño de 2022, de deslinde parcial entre a CMVMC de Bermés, Rego do Prado, Lamela, Regado,, Orxás, Riádigos , Campos e Camiño Real (Lalín) e a CMVMC de Abonxo (Lalín) respecto do linde común dos seus montes (**Exp.: PO-DESC-04/20**)

Feitos:

Primeiro- O 04/05/2020 José Armando Cristóbal presidente da xunta reitora da CMVMC de Bermés e outros, no concello de Lalín, presenta no rexistro electrónico da Xunta de Galicia co núm. de entrada 2020/780864, solicitude de deslinde entre a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común (en adiante CMVMC) de Bermés e outros e a CMVMC de Abonxo ambas do concello de Lalín.

Segundo- Consta no expediente a seguinte documentación do deslinde consonte o artigo 53 da Lei 7/2012:

- Acta do deslindamento
- Acta de conciliación
- Certificados da aprobación do deslinde nas Asembleas Xerais das comunidades.
- Memoria descritiva con plano de deslinde e cartografía en formato dixital (csv potestativo)

A liña de deslinde proposta está composta polos seguintes puntos:

Mojón 1- x:569.642,661	y:4.732.082,147
Mojón 2- x:569.693,800	y:4.732.057,734
Mojón 3- x:569.745,244	y:4.732.032,333
Mojón 4- x:570.104,998	y:4.731.856,604
Mojón 5- x:570.389,633	y:4.731.717,472
Punto 6- x-,570.412,910	y:4.731.707,810

O Servizo de Montes considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53 polo que propón a aprobación do deslindamento tendo en conta que revisada a cartografía das resolucións de clasificación de ambos montes veciñais en man común detéctase que non existe colindancia en parte do trazado entre o mojón número 5 e mojón número 6. Polo que se calcula o Punto 6 límite de colindancia segundo cartografía

Consideracións legais e técnicas:

Primeiro. A presente resolución dítase ao abeiro do artigo 53 do Regulamento para



a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Segundo. O artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, recolle o procedemento que hai que seguir no deslindamento entre montes veciñais en man común e establece que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, logo do exame da documentación presentada, ditará resolución que será publicada no Diario Oficial de Galicia e notificada ás comunidades interesadas.

De acordo cos feitos e consideracións legais e técnicas expostos, o Xurado por unanimidade ACORDA:

Aprobar o deslindamento parcial realizado entre a CMVMC de Bermés, Rego do Prado, Lamela, Regado, Orxás, Riádigos , Campos e Camiño Real (Lalín) e a CMVMC de Abonxo (Lalín) respecto do seu linde común nos termos indicados no feito segundo.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 123 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Presidente do Xurado provincial de clasificación de montes veciñais en man común
Antonio Crespo Iglesias

